

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 5 de novembro de 2007 de corrección de erros á do 4 de outubro pola que se modifica a do 26 de agosto de 2005 sobre delegación de competencias en órganos desta consellería.*

Advertido un erro na devandita orde, publicada no DOG nº 198, do 11 de outubro de 2007, cómpre efectuar a seguinte corrección:

O punto primeiro debe dicir:

Primeiro.-O artigo 2 da Orde do 26 de agosto de 2005, sobre delegación de competencias en órganos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 2º.-Delegación nas delegacións provinciais.

Deléganse nos delegados provinciais, e para o seu ámbito territorial, as seguintes competencias:

A formalización dos contratos do profesorado de relixión e anexos aos contratos vixentes, os de carácter temporal do persoal non docente, a adscrición do persoal en prácticas e os nomeamentos do persoal interino e substituto docente para impartir as ensinanza reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, da educación.

O recoñecemento de trienios e sexenios aos funcionarios pertencentes a corpos ou escalas adscritos a esta consellería e ao profesorado de relixión.

A concesión ao persoal con destino na súa provincia de autorización para asistir a cursos e actividades de formación e perfeccionamento, así como a designación de comisión de servizo con dereito a indemnización, previstas no artigo 4 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 2 de novembro de 2007 pola que se convocan axudas para a intensificación da actividade investigadora dos profesionais dos centros do sistema sanitario público de Galicia.*

A xeración de novo coñecemento a través das actividades de investigación, así como a innovación, a través da incorporación dese novo coñecemento na práctica, son requisitos para manter un sistema sanitario que ofrezca servizos da máis alta calidade.

As políticas de investigación, tanto a nivel europeo coma nacional e autonómico, teñen como obxectivo

potenciar esta actividade, como factor de desenvolvemento social e económico, a través do aumento da masa crítica de investigadores, e proporcionar os medios materiais e as infraestruturas precisas.

A capacidade e o nivel dos investigadores do sistema sanitario está demostrada, tanto pola calidade dos proxectos que se realizan, coma pola súa produción científica, sobre todo en forma de publicacións.

A realización de investigación de calidade, competitiva, e que achegue valor ao sistema sanitario e á sociedade, require dos recursos materiais e humanos suficientes para levala a cabo. Na liña do Plan nacional de I+D e do Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento e Innovación, a consellería considera necesario habilitar recursos para impulsar a investigación nos centros sanitarios, a través desta convocatoria de intensificación da actividade investigadora dos seus profesionais.

Na súa virtude, en uso das facultades que me confieren os artigos 36.4º e 38º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia (modificada por Lei 11/1988, do 20 de outubro),

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a convocatoria, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia, de axudas para a intensificación da actividade investigadora por parte dos/das profesionais dos centros do sistema sanitario público galego, como medio para facilitar a dedicación destes profesionais á investigación conciliando esta co mantemento de niveis asistenciais óptimos.

Artigo 2º.-Requisitos xerais.

1. Poderán solicitar estas axudas os centros do sistema sanitario público galego, que poderán presentar como candidatos os licenciados sanitarios ou diplomados en enfermaría, para que se poida compaxinar a actividade asistencial coa realización de actividades de investigación.

2. Os candidatos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter formalizada a súa vinculación funcional, estatutaria ou contractual co centro solicitante, debendo manterse esta vinculación entre o momento da solicitude e a finalización da acción investigadora que se vai executar.

b) O grupo de investigación a que pertenza o candidato deberá ter, cando menos, un proxecto de investigación con financiamento externo activo, ben sexa do Plan nacional de I+D+I ou do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

3. O tempo de que poderá dispoñer o/a candidato/a oscilará entre un mínimo de 3 meses e un máximo de 6 meses.

4. Os programas en que vaia participar ou participe o/a candidato/a deberán seguir as directrices marcadas